

Ferrol garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un ciclo programado pola Concellaría de Turismo, Patrimonio Histórico, Sanidade, Consumo, Benestar Animal e Mercados do Concello de Ferrol que abre as portas de tesouros, habitualmente fechadas, e diseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

As visitas guiadas que realizamos na Semana do Patrimonio Invisible baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos.

Por este motivo, as prazas para cada quenda de visitas son limitadas e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.

.....

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que cada solicitante poderá reservar un **máximo de 3 visitas para 2 persoas.**

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial e **completar o formulario de reservas:**

Reserva a túa praza!

patrimonioinvisible.gal





Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



SEMANA DO PATRIMONIO INVISIBLE

Espazos agochados de Ferrol
Do 23 ao 27 de **febreiro** 2026





Estación Naval da Graña

A través do túnel da Graña accederemos á Estación Naval, que se comezou a construír no século XVIII sendo o xerme do Arsenal Militar. A día de hoxe, no espazo ten a súa sede a ESENGRA (Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña), un dos principais centros formativos da Armada.

Casa Antón

Unha das obras referentes de Rofolfo Ucha na cidade e que combina elementos modernistas con outros propios do neoelecticismo. Foi construída como vivenda unifamiliar para o que fora alcalde de Ferrol Emilio Antón Iboleón, e hoxe é parte do Colexio Jesús Maestro.

Segredos do Arsenal

Os muros do Arsenal acollen no seu interior, espazos e lugares poucas veces visitables. Nesta visita teremos a oportunidade de traspasar a Porta do Parque e coñecer algúns deses lugares de acceso restrinxido, que completan a historia de Ferrol.

Arquivo Intermedio Militar do Noroeste

O Baluarte do Infante foi un dos puntos defensivos da muralla da cidade de Ferrol, logo pasou a ser o cuartel de artillería e a día de hoxe acolle os fondos do Arquivo Intermedio Militar do Noroeste.

Faro do Cabo Prior

O faro do Cabo Prior leva en funcionamento dende o ano 1854. A súa luz guía dende aquela aos mariñeiros que navegan a costa ártabra, mais tamén conserva no seu interior historias e relatos de todos aqueles que viviron neste edificio situado nunha paisaxe imponente.

El Correo Gallego

Por primeira vez, abrimos as portas desta xoia arquitectónica, recentemente adquirida polo Concello de Ferrol. O edificio, antiga sede de El Correo Gallego, destaca pola súa elegancia e orixinalidade. Un espazo imprescindible para descubrir o legado do arquitecto Rodolfo Ucha que transformou o Barrio da Magdalena nun referente do modernismo en Galicia.

Parador e Igrexa de San Francisco

Sobre o espazo que ocupaba o antigo mosteiro franciscano do século XIV, hoxe conviven a igrexa de San Francisco e o Parador de Turismo. Este enclave común, reconvertido na Ilustración e no século XX, combina a maxestade neoclásica do templo coa sinxela arquitectura rexionalista do Parador. Un miradoiro excepcional sobre o Arsenal e a ría.

Colexio Compañía de María


Desde 1889, foi un dos primeiros centros dedicados ao ensino feminino no Barrio da Magdalena. Se algunha vez tiveches a curiosidade de entrar neste imponente edificio, esta é a túa oportunidade.

Casa do Concello

A Casa do Concello abre as súas portas para permitírnos descubrir e coñecer o seu interior, os salóns nobres, a súa colección de arte e os espazos nos que se decide a vida política da cidade.


Luns

- 11 h Arquivo Intermedio Militar do Noroeste
- 12 h Parador e Igrexa de San Francisco
- 13 h El Correo Gallego
- 17 h Casa Antón
- 18 h El Correo Gallego
- 19 h Colexio Compañía de María



Martes

- 11 h Faro do Cabo Prior
- 12 h Arquivo Intermedio Militar do Noroeste
- 13 h Faro do Cabo Prior
- 16 h Estación Naval da Graña
- 17 h Casa do Concello
- 18 h Estación Naval da Graña



Mércores

- 11 h Arquivo Intermedio Militar do Noroeste
- 12 h Parador e Igrexa de San Francisco
- 13 h Segredos do Arsenal
- 17 h Casa do Concello
- 18 h Colexio Compañía de María
- 19 h El Correo Gallego



Xoves

- 11 h Segredos do Arsenal
- 12 h Parador e Igrexa de San Francisco
- 13 h El Correo Gallego
- 17 h Casa Antón
- 18 h Colexio Compañía de María



Venres

- 11 h Segredos do Arsenal
- 12 h Parador e Igrexa de San Francisco
- 13 h El Correo Gallego
- 17 h Faro do Cabo Prior
- 18 h Casa Antón
- 19 h Faro do Cabo Prior

